

## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU00503:22
SITUACIÓN: CZ. DAS GANDARAS, 34-6ºB - LUGO

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda de Lugo de data 04 de xaneiro de 2012 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública, expediente LU00503:22, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS, no apartado de publicidade permanente para xeral coñecemento.

O 02 de maio de 2017, don NORDDINE DHAMOUNI (nº de credencial 43710), presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, o xefe territorial.

### ACORDA:

Declarar directamente adquirentes a NORDDINE DHAMOUNI e á súa dona MARYAMA LAHRACH EP DAHMOUNI (nº credencial 43710).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta notificación, segundo o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 11 de maio de 2017.

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Javier Arias Fouz